



Co sistema de recollida selectiva os beneficios son moitos: redución da contaminación, aforro de enerxía e materias primas, eliminación de vertedoiros, mellora do benestar e a saúde ... **COLECTOR VERDE**

- Materia orgánica
- Restos de comida, barrido e xardín
- Pañais e compresas

Deposita aquí os restos de: comida, pañais, compresas, restos de barrido, restos de xardín e poda.

É importante non mezclar a materia orgánica cos demais residuos para evitar que se contaminen e así poder reciclalos.

Introduce a materia orgánica en bolsas pechadas, para evitar os malos olores.

SEPARANDO A MATERIA ORGÁNICA ACADARÁS...

Contribuír a **FACILITAR A RECICLAXE** de plásticos, latas, papel, vidro,... pois é a maneira máis sinxela para a súa clasificación e o seu reciclado.

Recorda que consumindo produtos locais e naturais, axudas ao desenvolvemento da zona de orixe, xeras menos residuos (pois o embalaxe sole ser menor) e aforras a enerxía e a contaminación do transporte.

### **COLECTOR AMARELO**

Envases lixeiros:

- Plástico
- Latas
- Briks

Introduce no contedor amarelo todos os envases de plástico, metálicos e bricks. Os envases lixeiros trasládanse a planta de clasificación onde se separan os distintos materiais.

Posteriormente se transportan aos centros recuperadores para a súa reciclaxe, convertíndose en materia prima que se introducirá de novo no mercado.

Enxuga os envases para evitar os malos olores e comprídeos para que ocupen menos espazo dentro do colector de reciclaxe.

RECICLANDO ENVASES ACADARÁS...

**AFORRAS ENERXÍA:** Ao reciclar aluminio afórrase o 95 da porcentaxe da enerxía necesaria para producir o mesmo aluminio a partires da bauxita.



**REDUCES O IMPACTO AMBIENTAL:** Latas, botes de plástico ou bricks se desbotan de forma incontrolada e acaban tirados en carreteras, ríos e montes que tardan décadas en degradarse. **AFORRAS MATERIAS PRIMAS:** A reciclaxe dos plásticos reducen o uso de petróleo e auga. Non reciclar unha tonelada de plástico equivale a tirar unha tonelada de petróleo. Cada tonelada de chatarra recuperada supón o aforro de 1,5 toneladas de ferro e media tonelada de carbón de coque.

### COLECTOR AZUL

- Envases de cartón
- Papel
- Periódicos
- Revistas

Introduce o papel usado dentro dos contedores, fora pode botarse a perder (chuvia, vento..). Plega as caixas de cartón para que ocupen menos espazo no contedor.

Evita introducir o papel con grapas, clips, ou cinta adhesiva. Non incluas papel encerado, servilletas nin panos.

### RECICLANDO PAPEL E CARTÓN ACADARÁS...

**AFORRAR AUGA I ENERXÍA:** Ao reciclar 1 Tm de papel se aforran 26.000 litros de auga e 4.100 Kw/h.

Reciclando papel contribues a reducir a contaminación das augas nun 92 da porcentaxe. **AFORRAR MATERIAS PRIMAS:** Reciclando unha tonelada de papel se evita a tala de 15 árbores. Utilizando papel reciclado evitarás a destrución dos nosos montes e incluso das grandes selvas tropicais que nos axudan a respirar.

### IGLÚ VERDE

- Botellas de vidro
- Frascos
- Tarros

Deposita os envases de vidro no contedor con forma de iglú de cor verde. Estes envases se reciclan ao 100 da porcentaxe sin que perdan ningunha das súas cualidades. Ademáis, o seu reciclado se pode repetir indefinidamente.

Non debes introducir no contedor os tapóns dos envases. Tampouco tires bombillas, cristais nin espellos, pois dificultan a reciclaxe.



SE RECICLAS VIDRO...

**AFORRAS ENERXÍA:** Co reciclado de 10 toneladas de vidro afórrase a enerxía producida por unha tonelada de petróleo.

**AFORRAS MATERIAS PRIMAS:** Reciclando 3000 botellas de vidro se aforra unha tonelada de area de sílice e se evita a destrución de terrenos para a extracción.